CONCELLO DE PONTEVEDRA

EXPEDIENTE Nº: 2020/TRIBUNAL/000006

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO (RESERVÁNDOSE UNHA DELAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE) DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO QUINTO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal cualificador o 16 de setembro de 2020 para proceder á cualificación do quinto exercicio (proba de coñecemento práctico-informática) aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica 4, apartado e), as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes son as seguintes:

- QUENDA LIBRE XERAL (2 prazas)

NOME E APELIDOS	NOTAS
ÁLVAREZ AMOEDO CARLOS	4
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ MARÍA EMILIA	3,5
LÓPEZ DURÁN PABLO	3,25
PARDO LÁZARA MÓNICA	3,125

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación final e relación de aprobados no proceso selectivo convocado para a provisión de tres prazas de administrativo (reservándose unha delas para persoas con discapacidade) da escala da administración xeral, grupo c, subgrupo c1, incluídas na oferta de emprego público do ano 2019, pola quenda libre, aplicando a base 14ª das bases xerais, é a seguinte:

NOME E APELIDOS	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO	QUINTO	TOTAL
MÓNICA PARDO LÁZARA	4,36	9,40	2,220	5,50	3,125	**24,605**
CARLOS ÁLVAREZ AMOEDO	5,51	6,20	2,415	5,00	4,000	**23,125**
PABLO LÓPEZ DURÁN	5,00	5,35	1,935	6,30	3,250	**21,835**
MARÍA EMILIA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	4,10	5,75	2,385	6,00	3,500	**21,735**

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o Tribunal cualificador eleva á Sra. Concelleira a seguinte proposta de nomeamento por orde de puntuación, propoñendo o nomeamento de **dona Mónica Pardo Lázara** e **don Carlos Álvarez Amoedo** para ocupar dúas prazas de administrativo da escala da administración xeral.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O Tribunal cualificador dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena número 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación cos aspirantes que superaron o sexto exercicio coa cualificación definitiva do proceso e a proposta de nomeamento, requirindo aos opositores propostos para que, **no prazo de 20 días naturais**, presenten a documentación esixida nas bases da convocatoria, segundo o disposto na 16ª das bases xerais.

RÉXIME DE RECURSOS.- Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que as persoas aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal cualificador e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no art. 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica

Asinado por: PATRICIA TORRES ABUIN
Servizo: SERVIZO DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO
Cargo: ADMINISTRATIVO XEFE NEGOCIADO
Data: 16/09/2020
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2U70NJX3Q35Z26TO